



MANOLI PÉREZ OJÉN

**FAMILIAR DE REPRESALIADOS E
NAI SOLTEIRA NA DITADURA
FRANQUISTA**

*“Cando as monxas souberon que era nai
solteira ofrecéronme deixar a nena en
adopción”.*

Nacín na Coruña un 08 de xaneiro de 1946.

A miña é unha familia humilde, moi pobre, somos cinco irmás. Meu pai era natural da Pobra do Caramiñal e miña nai da zona da Falperra, lugar onde vivimos 15 anos sen apenas nada. Por non ter non tiñamos nin para comer, merendabamos un pouco de pan con miga e algo de aceite e azucre. Meu pai era cociñeiro nun barco de pesca e miña nai axudaba no porto. Grazas a un amigo de meu pai puidemos vir para un pequeno piso en Mariñeiros.

Durante a ditadura pasámolo moi mal, meu pai e seus irmáns tiñan que agocharse porque cada pouco viñan buscalos á casa. Souben máis tarde que eran “rojos”, como lles chamaban na ditadura aos republicanos antifranquistas. De nena non sabía porqué meu pai era o único no barrio que non tiña unha fotografía de Franco na casa e cando lle preguntaba se non lle gustaba Franco dicíame moi simpático que lle encantaba, especialmente porque tiña moi bo tipo.

Inda que na casa non se falaba de represión, eu era coñecedora de que tres irmáns de meu pai foran asasinados. José Pérez Álvarez e outro do que non lembro o nome paseados, que no contexto da guerra supoñía que foran fusilados sen xuízo. Ao terceiro, a Ramón, golpeárono de tal maneira que morreu na casa da malleira.

Miña avoa colleu moito medo e temía que ao resto da familia lle pasara algo, así que procuraba que os fillos

se agocharan no monte cando alguén preguntaba por eles. Máis non só acosaban á familia que vivía na Pobra do Caramiñal, tamén na Coruña viña a policía á nosa casa preguntando por meu pai, Ricardo Pérez Álvarez, máis nunca deron con el, porque a resposta era sempre a mesma, está en Canadá.

A vida naquel tempo era moi dura, tiven que poñerme a traballar con 8 anos, lembro que facía o reparto dos bidóns de leite e co que gañaba non me daba nin para pan. Á escola case non puideron ir, aprendín a ler e contar coa axuda dunha mestra que se interesou por min e falou con miña nai para que puidera dar algo de clase.

Nunca aprendín a escribir.

Teño moitas anécdotas nas colas de racionamento, que era a maneira na que o franquismo repartía alimentos básicos (pan, aceite, carne). É difícil de crer pero, a pesar de toda esa pobreza fun feliz. Meu pai era un home moi divertido e miña nai algo máis recta, mais estando eles vivos fun feliz. Miña nai morreu con 40 anos por problemas de corazón, traballara a rebentar toda a vida e estaba esgotada. Trece anos máis tarde tamén faleceu meu pai pola mesma causa, tiña 62 anos.

Polo tempo no que morreu miña nai todas as irmás emigráramos a Londres e para poder regresar ao enterro tivemos que gastar o pouco que tiñamos,

pedindo prestado e tendo que devolver despois as débedas.

Lembro que naquel momento nin os taxis viñan ao barrio, imaxínade como estaban as estradas en Mariñeiros que levábamnos as zapatillas dentro do bolso e desde a rúa da Torre, que era onde nos deixaban, abríamos o bolso e poñíamos as zapatillas para chegar até a casa.

Con 29 anos caín embarazada e non puiden saír da casa. Era o ano 1970 e fun moi criticada por ser nai solteira. Ademais pouco tempo despois miña irmá tamén quedou embarazada antes de casar e as críticas no barrio foron durísimas. Dúas mulleres da mesma casa...

Comezaron a dicir que o pai da miña filla era un home casado e con familia, cousa que non era certa. En realidade o único que aconteceu é que cando este home soubo que estaba en estado desapareceu da nosa vida e nunca máis volvíñ saber del.

Naquel momento o que de verdade me daba vergoña era a barriga, porque unha vez que tiveron a nena non volvíñ sentir vergoña nin nada. Tiveron que dar a luz nun hospital para pobres, o hospital Labaca e, como o bebé viña de nádegas, tiveron que darme moitos puntos. Cobráronme 2700 pesetas, que naquel momento eran moitos cartos.

Cando as monxas do hospital souberon que era nai solteira correron a dicirme se non estaba interesada en deixar o meu bebé en adopción. Quen eran elas para decidir sobre a miña filla?

Naquel tempo viviamos na casa dúas irmás cos nosos bebés de solteira e dúas sobriñas que tamén estaban ao noso coidado. Foron tempos difíciles pola crítica constante da xente.

Cando a miña filla cumpriu 13 anos preguntou a súa tía e a min que sabíamos de seu pai. Contámoslle a verdade e sorprendentemente levouno con moita normalidade “pois el o perdeu”, foron as súas palabras. Nunca máis volveu preguntar.

Cinco anos despois, con tan só 18 anos, enfermou de esclerose múltiple.

Era o 1988 e non sabiamos en que consistía a enfermidade, eu non tiña referencia ningunha de como atender a alguén enfermo, posto que meus pais morreran de repente por problemas de corazón e non tivera que coidar a ningunha persoa antes.

No ámbito médico e na sociedade en xeral ninguén nos explica como se coida, cando che dan o diagnóstico non che din o que tes que facer nin cara onde tirar, sénteste perdida. Para min foi e segue a ser moi duro.